

Conversa con Xohana Torres

Por Salvador LORENZANA

PERFIL

No paisaxe ricaz da poesía galega contemporánea, acaba de sonar unha nova voz. Pertenece esta voz á coral das illas femeninas, como a de Luz Pozo Garza ou Pura Vázquez; e como a dístas, revélase pol-a nidiez e a personalidade do seu acento.

Estamos falando de Xohana Torres, xoven poetisa ferrolá, que remata de tirar do prelo o libro "Do sulco". Hai n'ela rigor inteleitual e cordial a un tempo; hai unha lingoaxe ordeada, modelo de enxebreza, espírito, e maceración.

Xohana Torres ama fundamentalmente e soña con un ár cheo de luz pra o seu país, con recendos de maor louzanía, cunha ledicia rotunda sobre das cousas e dos homes. Pero toda a súa ledicia alenta riba dun fonal de sombras, i espranzas finás. Os seus poemas amosan sobriedades de espresión, un léxico aceso e avaro, unha economía case rixida de sentimentos. Léndo ises poemas, se non sabe ben onde remata o mundo exterior de quen os creóu, e onde emprincipia a súa ialma lírica. O universo que descubren é vario e fondo, reflexando sempre a presenza dunha sensibilidade refinada e culta...

Pol-o que Xohana Torres significa xa no panorama mozo da cultura galega, quixemos recabar a súa opinión sobre algús puntos concretos da vida do noso espírito. E velahí as respostas que o poeta nos dá:

—*¿Cómo sintetizarías a túa idea de Galicia, no mundo da cultura?*

—Como unha avantada de cultura, dentro de súa integración no mundo europeo; como unha riada espíritoal cara a América.

—*¿Cáles son, a teu ver, as características diferenciadoras da lírica Galega?*

—O ser a poesía lírica esencialmente suxetiva, maniféstase ahí millor a persoalidade. As diferencias poderían ser tantas como tan-

tos los creadores. Millor diría que hai unha fonda conxunción entre os poetas galegos de todol-os tempos, cuias raíces deben á esencia vital da Terra.

—*¿Qué é o poeta pra ti?*

—O poeta anda a perguntar na súa moradía de coterraña soedade. A súa poesía pregunta e responde por íl. Poetas son aqueles que sinten unha verdade, e sábena decir.

—*¿Pódese falar de que teña xurdido no noso país, un novo movemento poético con liñas definidas?*

—E indudábele o agromar dun movemento poético aitual. Quizaves o punto de partida haxa que percuralo no manifesto de Manuel Antonio. Nun sen so doado, eu definiría as liñas da nova poética sinalando a maor simplicidade da métrica; un predominio do fondo sobor das formas. Voando, antre unha vertebración máis firme e confidencial, a metáfora.

—*¿Cómo fixarías a túa postura frente á época que vivimos?*

—Postura de inquietude, de esixencia con un mesmo. O poeta terá que ser honrado e responsábele. Sen isto, andaré perdido antre formalidás i escolas que non servirán pra nada.

—*¿Coidas que o mundo de hoxe proicita o seu infruxo no ámbito lírico?*

—Cada día hai máis poetas.

—*¿Qué papel lle corresponde desempeñar a Galicia na hora presente?*

—Nos catro séculos en que Galicia viviu "afastada", por mor de acontecementos que todos coñecemos, a nosa língoa soupo manter vivas, incorruptas as súas formas sintaiticas. O noso idioma demostróu xa a súa fresibilidade na Edade meia, e na contempo-



ránea. Como sempre, o seu papel terá que ser diretriz foi a súa misión no tempo.

—*¿Acúsase na nosa produción literaria un estado de axitación anovadora, ou un relanzo sin puxante vitalidade?*

—Sen contar tantísimo renovo nos lindeiros do lirismo, ahí están "Da esencia da verdade", de Heidegger; o "Cancioeiro da poesía céltica", de Pokorny; a engaioladora prosa de Anxel Fole; a crítica literaria de Carballo Calero; os ensaios filosóficos de Ramón Piñeiro... ¿Non é ésta unha vitalidade palpábele?

—*¿Qué obra da literatura galega de todol-os tempos, estimas máis representativa do noso xenio?*

—A obra de Castelao. Valle-Inclán, na "Sonata de Otoño", xurra ó castelán toda a súa natureza galega e poética.

—*¿Cál poeta e cál libro de poesía consideras que define millor o noso momento aitual?*

—Novoneyra, Franco Grande, Manuel María, Méndez Ferrín, Mourullo; calquera distes rapaces podería representar moi ben o noso momento aitual.

—*Faime unha breve autocrítica de "Do Sulco"*

—E un libro sinceiro, coído que
(Continúa en la pág. siguiente)

Dous Escritores Ingleses na Praza Maior de Lugo

por Celestino F. de la Vega

Lugo, a nosa cidade, ten unha Praza Maior moi xeitosa e animada. Hoxe e o centro do pobo, cos seus soportaes, os seus cafés modernos, o vello e fermoso Concello barroco, a Alameda, os xardíns, o Círculo das Artes, as tendas luxosas, etc. Dende logo non é esta a máis antiga Praza de Lugo. A súa historia arrinca do século XVIII: pro dende entón, toda a vida local, e aínda a nacional, tivo o seu ecónomista recuncho cidadán.

O primeiro, cando era máis zativa, chamábase “Praza das Cortiñas”. Despois, tivo bastantes nomes: “Praza do Mercado”,

(Viene de la pág. anterior)

sin disfraces de voces alleas. Cronoloxicamente hai poemas moi distantes. Hai aínda que desenrolar moita fita poética. A poesía madurecerá como as estaciós.

—¿Cómo ves o futuro da poesía galega?

—Con fe. Con grande outimismo. Temos que ser e facer obra diste outimismo.

Cabo.

Con isas sumarias i espranzadoras palabras, remata a nosa conversa con Xohana Torres. O seu complemento está nas páxinas do seu volume de poemas; poemas de tono cecáis heteroxéneo, mais nados todos íles do mesmo sentimento de autenticidade. As veces traducen un operar sobre elementos transidos, tristesiros, pero sin cair endexamáis en queixumes; sin ise sangrar de hosos que semella a característica de tanto poeta mozo. En Xohana Torres hai coñecemento da natureza e moita curiosidade vital, pra que se abandone a trenodías e laios. A súa veta é refreisiva e melancónica, o seu tono severo e profundo. Con austeridade e contención, voces líricas que xurden, prometedoramente, na paisaxe renacida de Galicia.

“Maior”, “Da Constitución”, “De España”. No cambio de nomes influíu o proceso das incessantes loitas políticas do século XIX español. No ano 1.840, derrubáronse as ruínas do Convento de Agustíñas Recoletas, e no seu lugar prantáronse os hoxe centenarios negrillos da alameda. A horta que arrodeaba o convento servíu pra facer a praza máis comprida, e nista ergueuse unha fonte con tres pías sobrepostas. Pro, denantes destas reformas, xa estivera un inglés na nosa Praza, e xa figuraba rexistrada nas notas pra un sonado libro inglés, que había de se editar dous anos máis tarde, no 1.842: “La Biblia en España”, do infatigable viaxeiro e propagandista e vanxélico George Borrow. “Jorgito el Inglés”, como lle chamaban en Madrid familiarmente, é o primeiro escritor de viaxes que deixa constancia da Praza Maior de Lugo. “No meio da Cidade —di no seu libro citado— atópase a Praza do Mercado, lixeira e leda, sin as macizas e pesadas fábricas que os españoles, o mesmo en tempos pasados como nos modernos, acostuman erguer arredor das súas prazas”. Por certo que Don Xurxo Borrow, durante a súa estada en Lugo, debeu estar abondas veces na Praza, pois dí no seu libro que eiquí atopóu un libreiro rico, pra quen lle deran en Madrid unha carta de recomendación; e iste libreiro non puido ser outro que o primeiro e stabrecido en Lugo, Don Pedro Pujol Maciá, que, precisamente, tiña a súa imprenta e Librería na mesma Praza Maior.

Desde Borrow estivo na Praza hastra que volveu a pisala outro escritor inglés, pasaron abondos años e, namentras, fixéronse varias reformas. Entre outras, suprimiuse a fonte das pías superpostas e púxose no seu lugar outra moimental, presidida por unha matrona de bronce —símbolo de Hispania— con catro

leós, tamén de bronce, colocados nos cornechos de un pilón-pedestal, e que botaban auga pola boca. A matrona e os leós aínda se conservan, soio que separados e colocados noutros lugares. Esta derradeira reforma da Praza pra poñela como está hoxe, foi froito do “progreso”, pouco respetoso coa tradición e incurso coa estética.

Mais ista fonte da matrona e os leós, foi a que clóu o outro escritor inglés que estivo na Praza Maior de Lugo: George Edmund Street.

Street, arquitecto do grupo “Gothic Revival” ou “Renacemento Gótico”, veu a Lugo seguindo-lle a pista ó arte gótico español. Dende logo, debeu de chegar bastante canso, pois según dí no seu libro —“El arte gótico en España”— arribóu na nosa cidade, despois de trinta horas de viaxe. Eiquí non atopa moito conforto. Dí Street que a Praza Maior está arrodeada de arcos, e que o día da súa chegada viu grande xentío de feireantes mercando e vendendo artigos. O cal, efectivamente, sería verdade, porque daquela celebrábase mercado na Praza. A visita de Street debeu ser un destes anos: 1.861, 62 ou 63. Engade que en Lugo, a xente vai por auga á fonte, armada de longos tubos de folla de lata que aprica á boca dos leós, pra encher directamente os cántaros colocados nabeira da pía. Tamén dí que as augadoras arman enorme deboura pra defender os turnos de aprovisionamento. Non o dí Street, pero sábémolo nós, que as augadoras profesinás cobraban entón doce réas ó mes, pra servir a auga tres veces ó día. Verdadeiramente; metían moita bulla por poucos cartos.

Os lugueses de hoxe agradecemoslle a Borrow e a Street a súa antiga visita; e por iso lles quixemos adicar as presentes liñas encol da Praza Maior. As súas noticias son tanto máis de agradecer, cando que toda a caterva de visitantes e tranxeiros por España, no século pasado, corría en procura do “color local” e do “pintoresquismo”, e incurso os que se chamaban turistas de arte, iñoraban ou esquecían que en Galicia está Santiago de Compostela.